


ACTIVIDADE 1. TECTÓNICA DE PLACAS. ENTREGABLE!!!!

Segundo a tectónica de placas a litosfera terrestre está dividida en placas, que se moven unhas con respecto ás outras. Os movementos relativos son de tres tipos:

- Converxentes: destrución de litosfera. Formación de oróxeos (cordilleiras).
- Diverxentes: creación de litosfera. Dorsais oceánicas.
- Movemento lateral: nin se crea nin se destrúe litosfera. Fallas

transformantes. No caso das zonas converxentes, as situacións poden ser variadas:

PLACA OCEÁNICA choca con placa CONTINENTAL. O choque se resolve cunha subdución da oceánica, máis densa, baixo a continental. Créase neste contexto unha **cordilleira de tipo andino**, que ten uns elementos estruturais moi importantes, que aparecen sinalados nesta figura. O exemplo máis claro actualmente é a cordilleira dos Andes.



PLACA OCEÁNICA choca con placa OCEÁNICA: unha delas subduce baixo a outra, creándose un oróxeo de **tipo arcos de illas**, que ten as estruturas que se ven nesta imaxe. Exemplos deste modelos que estean funcionando na actualidade son: Illas Aleutianas e Arquipélago de Xapón.



PLACA CONTINENTAL colisiona con placa CONTINENTAL: é a continuación das situacións anteriores. No choque non se produce subducción, se non que as dúas placas, que teñen unha densidade similar, colisionan entre elas provocando o levantamento dunha **cordilleira de tipo alpino**. Un exemplo que está sucedendo na actualidade é o levantamento do Himalaia ou os Alpes.

Para analizar as morfoloxías dos oróxeos imos empregar o google Earth. Fagamos o seguinte:

1. Abrimos a aplicación de Google Earth dende o propio buscador Google.
2. Escollemos un exemplo de cada oróxeo.
3. Para cada oróxeo pídovos unha táboa na que apareza: placas implicadas na colisión, movemento relativo, fenómenos xeolóxicos que suceden no oróxeo (terremotos/vulcanismo) e un debuxo a escala dun perfil da cordilleira no que se sinalen as parte recoñecibles (fosa, cordilleira volcánica, arco de illas), tamén a altura máxima e a profundidade da fosa en cada caso. Para coñecer se hai sismicidade e vulcanismo podemos usar as seguintes webs:

Sismos:

<http://ds.iris.edu/seismon/index.phtml>

<http://www.ign.es/web/resources/sismologia/tproximos/prox.html>

<https://www.emsc-csem.org/#2w>

<https://www.nps.gov/articles/seismic-monitoring.htm>

Vulcanismo:

<https://www.usgs.gov/natural-hazards/volcano-hazards/>

http://www.ign.es/resources/volcanologia/estaciones_red/estaciones.html

<https://www.labrujulaverde.com/2015/01/un-mapa-con-todos-los-volcanes-del-mundo>

COMO FACER O PERFIL CO GOOGLE EARTH?? Basta con facer un esquema.

1. Debuxamos a liña no sitio desexado. Ten que ser perpendicular á cordilleira en cuestión. Para debuxar a liña usamos a ferramenta “RUTA”. A liña quedará gardada automaticamente sen nome e aparecerá un cadro coa información na parte dereita da pantalla. Dámoslle un nomee gardamos.
2. No cadro correspondente veremos información sobre a lonxitude desa liña e a súa altura máxima e mínima.
3. Para visualizar as alturas (tanto por enriba coma por debaixo do nivel do mar) ao longo da nosa liña, temos que activar a visión 3D. Para ello faremos *click* na icona correspondente, que está na parte inferior dereita da pantalla. Con esta opción activada, poderemos ir paseando a man (o cursor) pola liña, e irá sinalándonos a altura/profundidade en cada punto. Veremos esa información na parte inferior dereita da pantalla.